

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN PARTICIPACIÓN

## CAPÍTULO I \_ DA ASOCIACIÓN EN XERAL

### Artigo 1. Denominación e natureza

Coa denominación de “ASOCIACIÓN PARTICIPACIÓN”, constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do derecho de asociación e demás lexislación aplicable

### Art. 2 Personalidade e capacidade

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxección ao establecido no ordenamento xurídico.

### Artigo 3. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social na rúa Doutor Marañón, Nº13, Baixo 7, localidade Ourense, C.P. 32005, concello Ourense, teléfono 608557605, correo electrónico asociacionparticipaccion@gmail.com

### Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a asociación vai a desenvolver principalmente as súas actividades é: a provincia de Ourense.

### Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

### Artigo 6. Fins

1. Os fins principais da asociación en relación cos distintos ámbitos son:

Sinatura secretaria



Sinatura presidenta



1



## PARTICIPACIÓN, DINAMIZACIÓN E INTERVENCIÓN COMUNITARIA

- a) Crear un espazo autoxestionado por persoas, organizacións sociais e veciñais, co obxecto de fomentar o empoderamento e a participación activa da cidadanía en procesos de desenvolvemento comunitario e fomento da acción voluntaria.
- b) Concienciar a cidadanía da necesidade de actitudes participativas e solidarias no ámbito da intervención social, educativa, cultural e comunitaria.
- c) Afianzar un “xeito de facer” fundamentado na coordinación e traballo en rede con entidades sociais, administracións favorecendo o apoio ao tecido asociativo e o desenvolvemento comunitario.
- d) Promover iniciativas que desenvolvan o aumento e a capacidade da cidadanía de comprometerse creando sentimento de pertenza na nosa comunidade e sendo axente de cambio na mesma.
- e) Incentivar a creación de espazos comúns tanto físicos como virtuais onde xentes con inquedanzas cívicas podan participar tomando acción.
- f) Dinamizar a participación comunitaria, a axuda mútua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de mellora do benestar, a igualdade e a calidade de vida.
- g) Motivar aos distintos niveis da Administración a incorporar enfoques e dinámicas na súa xestión de transparencia, colaboración entre os distintos axentes e participación da cidadanía na toma de decisións.
- h) Apoiar e difundir a posta en marcha de iniciativas cidadás e proxectos concretos que sexan coerentes cos principios e valores nos que se basea esta asociación.
- i) Promover procesos nos que as persoas sexan protagonistas da transformación das súas contornas e realidades.
- j) Xerar actitudes de vida creativos emprendedores e cooperativos dende o enfoque resiliente.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

2



- k) Impulsar prácticas participativas co fin de definir propostas que sexan comunes entre os tres protagonistas clave da intervención comunitaria: a administración local, a ciudadanía e os recursos técnicos e así fomentar procesos de democracia participativa.
- l) Fortalecer e consolidar aos equipos de trabalho mediante encontros e formacións que se poden realizar de xeitoconjunto entre as/os técnicas/os do programa ou de carácter individualizado polo territorio segundo as necesidades.
- m) Establecer estratexias de comunicación e difusión dos diferentes proxectos e actuacións comunitarias.
- n) Incorporar a perspectiva de xénero nos proxectos de intervención social.

## MEDIACIÓN

- a) Introducir e desenvolver a cultura da mediación en todos os seus campos, como son a mediación comunitaria, intercultural, civil, mercantil, escolar, empresarial, laboral, familiar, vecinal, penal, sanitaria, social, administrativa e en calquera outro ámbito onde poidan existir conflitos nos que a mediación sexa aplicable.
- o) Promover a responsabilidade social e a capacidade de xestionar conflitos por parte da comunidade.
- p) Facilitar a transformación dos conflitos cara a situacións más cooperativas que contribúan na convivencia e a cohesión social.
- q) Impulsar acción de mediación comunitaria e educativa que permitan construír espazos de participación, convivencia, comunicación e interculturalidade partindo das demandas locais.

## DEFENSA DA DIVERSIDADE E LIBERDADE SEXUAL

- a) Contribuir na construcción de vías alternativas de pensamento para acadar as condicións necesarias para o exercicio e pleno disfrute por parte de todas las persoas dos seus dereitos de liberdade sexual.
- b) Apoiar e impulsar accións de loita contra a homofobia, lesbofobia, bifobia e transfobia.

## EMPODERAMENTO DAS MULLERES

- a) Impulsar a conciencia social e a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos da muller.
- b) Concienciar e sensibilizar en materia de equidade de xénero e corresponsabilidade.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

3



- c) Fortalecer o movemento asociativo entre mulleres a través da formación, o debate e a reflexión dende un enfoque feminista con especial atención as mulleres do rural ourensán.
- d) Impulsar a toma de conciencia da cidadanía sobre a súa situación de discriminación que sofre a muller en todos os ámbitos da vida.
- e) Favorecer a conciliación familiar e laboral facendo visibles os recursos dispoñibles na comunidade.
- f) Promover o uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista.
- g) Concienciar ásociedade para que denuncien formalmente os casos de violencia machista.

## XUSTIZA SOCIAL

- a) Promover a inclusión social de colectivos minoritarios ou/e persoas en exclusión social.
- b) Extender o concepto de diversidade funcional como forma de entender a discapacidade.

## CULTURA E GALEGUIDADE

- a) Estudio, fomento e difusión da cultura e lingua galega a través da creación, desenvolvemento e potenciación de actividades culturais e recreativas.
- r) Recuperar, revitalizar difundir e potenciar o patrimonio histórico, cultural, social e económico da provincia de Ourense.

## MEDIOAMBIENTE

- a) Coñecemento e defensa do medio natural favorecendo a adquisición de valores que levan a participar activamente na mellora e nas relacións da contorna.
- b) Promover o asentamento poboación en zonas rurais a través de iniciativas medioambientais sostibles.

## ACCIÓN SOCIAL

- a) Contribuir con accións transversais a favor do benestar comunitario dos sectores da poboaciónmáis vulnerables.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

4



- b) Incentivar programas e proxectos de accións transversais para a eliminación de todo tipo de discriminación e exclusión social.
- c) Colaborar cos axentes sociais en procesos integrais e coordinados e sostenibles tendentes o benestar social dende a perspectiva de xénero, reorganización de recursos, diversidade, interculturalidade, salud, eficacia pública, medioambiente, cooperación ao desenvolvemento e xustiza social.
- d) Fomentar prácticas de consumo responsable e comercio justo como base para a consecución dun marco de relacións económicas e sociaisxustas, equitativas e sostenibles.

## SAÚDE

- a) Realizar accións de concienciación, sensibilización e educación, que conduzan a unha mellora do coñecemento da poboación e o desenvolvemento de habilidades personais que conduzan a fomentar boas prácticas e a mellora da saúde.
- b) Sensibilizar á poboación sobre a importancia dunha alimentación equilibrada para levar unha vida saudábel.
- c) Fomentar a actividade física como piar fundamental dun estilo de vida saudábel.
- d) Traballar na prevención do consumo de determinadas substancias con especial atención ao tabaco e o alcohol.
- e) Informar sobre a importancia de manter relacións sexuais seguras evitando embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual.
- f) Concienciar da importancia da saúde mental, do autocoñecemento e da autoestima en todos os ámbitos da vida.

## XUVENTUDE

- a) Impulsar e promover accións encamiñadas a crear espazos de reflexión sobre diferentes cuestións de interese na adolescencia.
- b) Desenvolver estratexias persoais e colectivas para a resolución de conflictos, fomentar actitudes de empatía, desenvolver a autoestima, asumindo a propia identidade, libre de elementos discriminatorios.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

5



- c) Desenvolver habilidades de comunicación e a expresión emocional para chegar a vivir as relacións persoais de xeito satisfactorio, reflexionar sobre as definicións de parella e como se estruturan os límites nestes sistemas.
- d) Fomentar hábitos de uso responsable nas novas tecnoloxías.

2. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- a) Producción, publicación e difusión de materiais socioeducativos, estudos sobre a realidade local, nacional en relación a os fins anteriormente citados.
- b) Promoción de campañas de sensibilización e concienciación social de acordo a os fins de la asociación.
- c) Intercambio de expectativas con institucións, colaborando e deseñando convxuntamente proxectos e iniciativas afins aos obxectivos da asociación.
- d) Deseño, avaliación e posta en marcha de proxectos de intervención de acordo cos fins da asociación.
- e) Organización de obradoiros de formación, encontros, xornadas, seminarios.... sobre as termáticas relacionadas cos fins da asociación.
- f) Prestación de servizos de asesoramento, apoio técnico, formación, investigación a grupos informais, asociacións, institucións e cidadanía en xeral en temas relacionados cos fins da asociación.
- g) Fomento da acción voluntaria e da Participación Cidadá de cara á mellora do benestar e os intereses xerais dos barrios, na reclamación, deseño e consolidación de equipamentos e servizos de cara a mellora e desenvolvemento presente e futuro dos nosos barrios.
- h) Difusión da importancia do movemento asociativo como peza chave para o desenvolvemento presente e futuro dos barrios mediante a realización de campañas informativas.
- i) Promoción , fomento e emprego da lingua galega, usándoa en todos os escritos, cartaces e como lingua vehicular no día a día da Asociación.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

6



- j) Fortalecemento da convivencia interxeracional e a unidade da veciñanza como ferramenta de cooperación veciñal nos barrio da nosa cidade .
- k) Impulso e desenvolvemento de cantas iniciativas e actividades se consideren oportunas para a defensa e promoción dos fins anteriormente citados.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

#### **Artigo 7. Sección Xuvenil**

Constitúese unha sección xuvenil, á que se incorporarán asociados e asociadas que cumpran os requisitos establecidos na Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e do Real decreto 397/1988, de 22 de abril, polo que se regula a inscripción rexistral de asociacións xuvenís.

Para formar parte da sección xuvenil é necesario ter 14 anos cumplidos e 30 sen cumplir.

#### **Artigo 8. Sección Deportiva**

Constitúese unha sección deportiva, á que se incorporarán asociados e asociadas que cumpran os requisitos establecidos na Lei 3/2012, de 2 de abril do deporte de Galicia, e no Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do rexistro de entidades deportivas de Galicia .

### **CAPÍTULO II\_\_DAS PERSOAS ASOCIADAS**

#### **Artigo 9. Requisitos**

1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa física ou xurídica e ter interese no desenvolvemento dos fins da asociación.
2. As persoas físicas deben ser maiores de idade ou menores emancipados con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inabilitación ou condición legal para o exercicio do derecho.
3. Os menores de máis de 14 anos non emancipados necesitan o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.
4. As persoas xurídicas de natureza associativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

7

## **Artigo 10. Clases de persoas asociadas**

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados ou asociadas:

- a) Fundadores ou fundadoras, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) De número, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) De honra, aquelas persoas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeados pola Asemblea Xeral.

## **Artigo 11. Perda da condición de persoa asociada**

1. A condición de asociado ou asociada pérdece:

- a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida a secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.
- b) Por falta de pagamento da cota anual, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva, ao interesado.  
A persoa que perdece a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis meses desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.
- c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

## **Artigo 12. Dereitos**

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación.
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- c) Participar nas Asembleas con voz e voto.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

8



- d) Recibir información da composición dos órganos de governo e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvimento da súa actividade.
  - e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.
  - f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
  - g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

3. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto.

### **Artigo 13. Obrigas**

Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
  - b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan.
  - c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron elixidas.
  - d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.

### CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

#### **Artigo 14. Organización da asociación**

Os órganos de goberno e representación da asociación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

## **Artigo 15. Asemblea Xeral**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.

#### **Artigo 16. Reuníons: clases e convocatoria**

1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

Sinatura secretaria

*D. B. Mianers*

*Sinatura presidenta*

9

A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas.

2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.

3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da Asemblea.

#### **Artigo 17. Constitución e quórum de convocatoria**

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con derecho a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

#### **Artigo 18. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria**

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha federación.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

#### **Artigo 19. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria**

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da asociación.

Sinatura secretaria



Sinatura presidenta



10



- c) Acordar a fusión da asociación.
  - d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
  - e) As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
  - f) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

## **Artigo 20. Adopción de acordos**

1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a mayoría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da Xunta Directiva
  - b) Acordo para constituir federacións e para integrarse ou separarse delas
  - c) Disolución da asociación.
  - d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
  - e) Disposición ou alleamento de bens.
  - f) Remuneración das persoas que integran os órganos de goberno e representación.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

## **Artigo 21. A Xunta Directiva: Composición**

1. A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral.

Estará formada por: Presidente/-a, Secretario/-a e Tesoureiro/-a, designados pola Asemblea Xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

2. A duración do seu mandato será de 2 anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.

Sinatura secretaria

*D. G. Evans*

### Sinatura presidenta

3. Os cargos que componen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuita, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

4. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:

- a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica
- b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico
- c) Resolución xudicial.
- d) Renuncia voluntaria.
- e) Perda da condición de persoa asociada.
- f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros

5. De producirse vacantes na Xunta Directiva, estas serán desempeñadas provisoriamente polos restantes membros, ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

## **Artigo 22. Reunións e acordos**

1. A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus componentes.
2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, o presidente e o secretario ou as persoas que os substitúan.
3. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade do Presidenta.

## **Artigo 22. Facultades da Xunta Directiva**

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Executar os acordos da Asemblea.
- d) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- e) Convocar e fixar as datas das Asembleas.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

12



- f) Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- g) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- h) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- i) Resolver as solicitudes de ingreso de asociados/as.
- j) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

#### **Artigo 23. Obrigas documentais**

A asociación disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada de asociados e asociadas.
- b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Inventario dos seus bens.
- d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

#### **Artigo 24. Presidente/a**

1. A persoa que ostenta a presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

2. A persoa que ostenta a presidencia, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa que ostenta a Presidencia.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

13



### **Artigo 25. Secretario/a**

1. A persoa que ostenta a secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace do presidente/a, así como emitir informes.
- e) Redactar o inventario de bens da asociación.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

2. A persoa que ostenta a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa que ostenta a Presidencia.

### **Artigo 26. Tesoureiro/a**

1. A persoa que ostenta a tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a persoa que ostenta a presidencia.
- d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación
- e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea
- f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

## **CAPÍTULO IV \_\_ RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 27. Patrimonio inicial**

A asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 0 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

14



## **Artigo 28. Recursos económicos**

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

## **Artigo 29. Contas anuais**

1. Anualmente, con referencia ao ultimo día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en Asemblea.

2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

## **Artigo 30. Destino de ingresos a fins da asociación**

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En ningún caso, estos beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

# **CAPÍTULO V \_DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

## **Artigo 31. Regulamento de réxime interno**

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobase un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquellas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

15

## CAPÍTULO VI\_\_ DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

### Artigo 32. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- b) Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

### Artigo 33. Liquidación

1. Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.
2. Os membros da xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadores, salvo designación expresa de liquidadores pola asemblea xeral ou por autoridade competente.
3. Corresponde aos liquidadores:
  - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
  - b) Concluír as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
  - c) Cobrar os créditos da Asociación.
  - d) Liquidar o patrimonio e pagar os acredores.
  - e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
  - f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrerais.
4. Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 27 de novembro de 2021 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.

Sinatura secretaria

Sinatura presidenta

16

